



APLICACIÓNS AÉREAS DE PRODUTOS FITOSANITARIOS

Información para a presentación da solicitude de autorización

Normativa aplicable

As aplicacións aéreas de produtos fitosanitarios réxense, entre outra, pola seguinte normativa:

- Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios.
- Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.
- Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.
- Real decreto 1702/2011, do 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.

Aplicacións aéreas de produtos fitosanitarios

Os tratamentos fitosanitarios realizados mediante aeronaves, incluídas as aeronaves pilotadas a distancia (UAS ou drones), teñen a consideración de aplicacións aéreas de produtos fitosanitarios e están sometidos ao disposto no capítulo VI do Real decreto 1311/2012.

As aplicacións aéreas de produtos fitosanitarios están prohibidas con carácter xeral e só poderán realizarse nos supostos previstos na normativa vixente.

En particular, unicamente poderán realizarse:

- As aplicacións aéreas previamente autorizadas polo órgano competente da comunidade autónoma.
- As aplicacións promovidas pola Administración para o control de pragas declaradas de utilidade pública.
- As aplicacións promovidas pola Administración para o control doutras pragas por razóns de emerxencia.

En todo caso, será condición necesaria para autorizar unha aplicación aérea que non exista unha alternativa técnica e economicamente viable ou que as alternativas dispoñibles presenten desvantaxes en termos de impacto sobre a saúde humana ou o medio ambiente.

Os tratamentos deberán realizarse con produtos fitosanitarios autorizados para o cultivo e o organismo nocivo de que se trate e aprobados para aplicación aérea, ou, se é o caso, ao abeiro das autorizacións excepcionais previstas na normativa.



Presentación da solicitude

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a autorización das aplicacións aéreas corresponde á **Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias** da Consellería do Medio Rural.

A solicitude presentarase a través do procedemento **PR004A – Solicitude electrónica xenérica** e poderá ser presentada:

- pola persoa interesada;
- por unha agrupación de produtores;
- pola empresa que vaia realizar a aplicación.

Documentación que debe achegarse

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Modelo de solicitude de autorización.
- Plan de aplicación.
- Documentación complementaria prevista na normativa vixente.

Plan de aplicación

O Plan de aplicación deberá estar asinado por unha persoa con titulación universitaria habilitante, de conformidade co artigo 13 do Real decreto 1311/2012.

O seu contido axustarase, como mínimo, ao establecido no anexo VII do citado real decreto e incluírá, entre outros aspectos:

- identificación da persoa solicitante;
- identificación da persoa directora do tratamento;
- identificación da empresa que realizará a aplicación;
- cultivo e organismos nocivos obxecto do tratamento;
- produtos fitosanitarios que se pretenden utilizar;
- dosificación e volume de aplicación;
- identificación da zona e superficie de tratamento;
- identificación das aeronaves e das pistas de despegue e aterraxe;
- datas previstas para a realización dos tratamentos;
- memoria xustificativa sobre a necesidade da aplicación aérea;
- información gráfica da zona de tratamento;
- medidas específicas de xestión do risco, cando proceda;
- autorización das persoas titulares das parcelas afectadas, no caso de pulverizacións colectivas;
- medidas de información ás persoas e entidades potencialmente afectadas;
- demais documentación prevista no anexo VII do Real decreto 1311/2012.

Condicións para a realización das aplicacións

As aplicacións aéreas deberán realizarse de conformidade coas condicións xerais establecidas no anexo VI do Real decreto 1311/2012.

Entre outros aspectos, verificarase o cumprimento dos requisitos relativos a:

- dirección do tratamento;
- empresa aplicadora;
- aeronaves e equipos de aplicación;
- capacitación do persoal participante;
- execución dos tratamentos;
- control e rexistro das aplicacións realizadas.

Información importante

A presentación da solicitude non implica o outorgamento da autorización.

A autorización concederase unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente e valorada a documentación achegada.